

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 11 de marzo de 2008 pola que se modifica a do 27 de xullo de 2007 pola que se fai pública a lista das/os aspirantes seleccionadas/os no proceso selectivo convocado pola Orde do 9 de abril de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 13 de abril), para ingreso no corpo de mestras/mestres na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a adquisición de novas especialidades.

Estimados os recursos de alzada interpostos por Beatriz Rodríguez Busto, Ana María Crespo Fernández, Jacinta Fernández Pérez, Carmen María Lugil-

de Rodríguez, Susana Lamela Pérez, en relación cos procedementos selectivos convocados pola Orde do 9 de abril de 2007, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

RESOLVE:

Primeiro.-Modificar a Orde do 27 de xullo de 2007 pola que se fai pública a lista das/os aspirantes seleccionadas/os no proceso selectivo convocado pola Orde do 9 de abril de 2007 (DOG do 13 de abril), para ingreso no corpo de mestras/mestres en expectativa de ingreso na comunidade autónoma de Galicia, así como a adquisición de novas especialidades a:

Especialidade	Quenda	NIF	Apelidos e nome	Ptos. proba	Punt. conc.	Punt. total
Educación infantil	L	34637262K	Fernández Pérez, Jacinta	8.4320	3.4330	6.4324
	Debe incluírse a continuación de Folo Rouco, Isabel, DNI: 76578966Y					
	L	76819908Y	Crespo Fernández, Ana Mª	5.4919	7.7741	6.4048
	Debe incluírse a continuación de Fernández Carrera, Mª Teresa, DNI: 35568565P					
Música	D	33331213G	Lugilde Rodríguez, Carmen	7.5000	1.7000	5.1800
Debe incluírse a continuación de Canedo Rey, Alberto, DNI: 32792001G						
Pedagoxía terapéutica	L	76904570E	Lamela Pérez, Susana	6.8690	4.1500	5.7814
Debe incluírse a continuación de Ferro Rodríguez, Ivone, DNI: 33274084F						
Audición e linguaxe	L	35472759C	Rodríguez Busto, Beatriz	6.7980	4.2415	5.7754
Debe incluírse a continuación de Magadán Miyares, Silvia						

Segundo.-O disposto no punto anterior supón a modificación do número de orde da lista de aprobadas/os por especialidades que figuraban na Orde do 27 de xullo de 2007 publicada no DOG do 22 de agosto.

Terceiro.-As/os opositores relacionadas/os no punto primeiro desta orde son nomeadas/os funcionarias/os en prácticas con efectividade administrativa do 1 de setembro de 2007 e económica do día da toma de posesión no seu destino.

Cuarto.-A secretaría xeral adoptará todas as medidas que sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Quinto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as/os interesadas/os poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1988, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso administrativa.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 11 de marzo de 2008 pola que se convoca concurso de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específicos.

O Decreto 120/1998, do 23 de abril (DOG do 27 de abril), regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e dispón, no seu artigo 2, a creación de equipos de orientación específicos.

O perfil profesional das/os candidatas e das candidatas para desempeñar postos nestes equipos vén determinado polo artigo 5 do citado decreto, debendo responder ao dun profesional con formación e experiencia que lle permita desenvolver as funcións establecidas no artigo 18 da Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo), pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

Debido á existencia de prazas definitivas vacantes no cadro de persoal dos equipos de orientación específicos, cómpre proceder a realizar a súa oferta pública.

En consecuencia, e en uso da autorización que figura na disposición derradeira primeira do Decreto 120/1998, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Convócase concurso público de méritos para cubrir as prazas dos equipos de orientación especí-

ficos, así como as posibles resultas, que se relacionan no anexo I desta orde.

Artigo 2º.-Concursantes.

1. Poderán participar neste concurso persoas funcionarias de carreira do corpo de profesorado de ensino secundario, con destino nos equipos de orientación específicos ou en centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que reúnan na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes os requisitos xerais e específicos fixados nos artigos 3º e 4º desta orde.

2. Á praza de audición e linguaxe e ás posibles resultas desta especialidade poderán participar o persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que posúa a especialidade de audición e linguaxe ou estea habilitado nesta.

Artigo 3º.-Requisitos xerais.

1. Encontrarse en situación de servizo activo, ou servizos especiais, ou excedente por coidado de fillas, fillos e familiares, con destino definitivo ou provisional nos equipos de orientación específicos ou en centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que transcorresen ao remate deste curso académico, polo menos, dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

2. Contar cun mínimo de tres anos de experiencia nunha praza directamente relacionada co posto o que se aspira (psicoloxía e pedagogía).

3. Tanto para os efectos do disposto nos puntos anteriores deste artigo como para a determinación das puntuacións de antigüidade que figuran no baremo recollido no anexo III, entenderase como data de finalización para os cómputos o 31 de agosto de 2008. No relativo aos demais méritos que figuran nese baremo, deberanse reunir na data en que finaliza o prazo de presentación a esta convocatoria, que se establece no punto 1 do artigo 6º desta orde.

4. Presentar o proxecto a que se fai referencia no punto 7 do anexo III.

Artigo 4º.-Requisitos específicos.

Poderán solicitar as prazas ofertadas as persoas funcionarias de carreira do corpo de profesorado de ensino secundario da especialidade de psicoloxía e pedagogía. Así mesmo, deberán acreditar a formación que lles permita desenvolver as actividades propias da praza solicitada, tal como establece o punto 2º do artigo 5 do Decreto 120/1998.

Artigo 5º.-Instancias e documentación.

1. Instancias:

a) As persoas participantes no concurso deberán presentar a súa solicitude mediante instancia axustada ao modelo que se publica no anexo II desta convocatoria indicando a orde de preferencia das prazas a que concorre.

b) A citada instancia, así como a documentación a que se alude no punto 2 deste artigo, poderá presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación

e Ordenación Universitaria (edificio administrativo de San Caetano, 15781 Santiago de Compostela), nos rexistros das delegacións provinciais da consellería ou en calquera das dependencias que sinala o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se presentase a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

2. Á instancia xuntaráse a seguinte documentación:

a) Folla de alegacións e autobaremación, axustada ao modelo que se publica no anexo IV desta convocatoria.

b) Documentación a que se refire o anexo III desta convocatoria, para acreditar todos os servizos e méritos alegados, así como unha relación numerada, datada e asinada, dos documentos presentados seguindo a orde que aparece no citado anexo. Aqueles méritos alegados e non xustificadas documentalmente non serán tidos en conta.

c) Proxecto de traballo en relación á praza solicitada, cunha extensión máxima de 20 páxinas, tamaño folio, formato DIN-A4, a unha soa cara, a dobre espazo e letra tipo Arial, a 12 puntos sen comprimir. O proxecto deberá incluír os seguintes puntos: xustificación baseada no contexto, obxectivos, planificación xeral e definición de accións prioritarias, estratexias de intervención e criterios de avaliación.

Na valoración dos proxectos terase en conta o carácter innovador na súa formulación, así como a capacidade para organizar, orientar e dar resposta ás situacións que se poidan atopar no desenvolvemento das funcións xerais e específicas asignadas aos ditos equipos.

No caso de optar a prazas con perfís diferentes, presentaranse os proxectos da especialidade que correspondan.

Os membros dos equipos de orientación específica que concursen a unha praza da mesma especialidade que ocupen actualmente, quedarán exentos da presentación do proxecto de traballo se se acollen á puntuación que lle foi outorgada nel no momento en que foron seleccionados.

A puntuación neste concurso calcularase en proporción ás puntuacións máximas do proxecto nos dous concursos.

Artigo 6º.-Prazo de presentación.

1. O prazo de presentación de instancias e documentación, incluído o proxecto de traballo sinalado no artigo 5º.2 c), será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Os méritos alegados fóra do prazo de presentación das solicitudes non se terán en conta nin serán valorados.

Artigo 7º.-*Comisión de selección.*

1. Este concurso será resolto por unha comisión de selección integrada polos seguintes membros:

a) Presidente: o secretario xeral, ou persoa en quen delegue.

b) Vogais:

-Ata un máximo de tres, con categoría de subdirector xeral, xefe de servizo ou membros da Inspección Educativa.

-Un membro dos equipos de orientación específicos.

c) Secretaria/o: unha/un funcionaria/o da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará con voz e sen voto.

Cada un dos sindicatos da mesa sectorial docente poderá nomear un representante para asistir ás sesións da comisión, con voz e sen voto. Para tal fin, coa debida antelación, deberáselle comunicar o nome da persoa representante ao presidente da comisión de selección.

2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada, así como solicitar a participación de especialistas para colaborar na valoración daqueles méritos e/ou proxectos de traballo que coiden pertinentes. Cada un dos sindicatos da mesa sectorial docente poderá nomear unha persoa representante para a asistencia ás sesións da subcomisión con voz e sen voto.

3. Os membros da comisión e da subcomisión estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, estando cualificadas na categoría primeira establecida no artigo 25 desa norma.

Artigo 8º.-*Selección.*

1. Para baremar o proxecto de traballo o que se fai referencia no artigo 5º c) desta orde, a comisión de selección poderá decidir que as persoas aspirantes sexan convocadas a unha entrevista para mellor apreciar as circunstancias que neles concorren, e que versará sobre o proxecto presentado e as funcións que van desempeñar no posto a que aspiran. A comisión de selección poderá decidir que se realice a entrevista en todas ou para algunha das prazas convocadas.

2. A comisión fará públicas as puntuacións provisionais asignadas a cada un dos aspirantes, como resultado da aplicación do baremo que figura no anexo III. Estas listas publicaranse nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e das delegacións provinciais, así como no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es/persoal/concursos>.

3. As persoas aspirantes poderán presentar as alegacións contra a lista provisional que coiden convenientes, dirixidas ao presidente da comisión de selección establecida no artigo 7º, no prazo de dez días naturais contados a partir do seguinte ao da súa publicación, por calquera dos procedementos recollidos no artigo 5º.1 b) desta orde.

4. Unha vez estudadas e resoltas as alegacións presentadas, a comisión publicará a lista definitiva das puntuacións nas epígrafes de méritos e proxecto de traballo, nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

5. No caso de producirse empates no total de puntuacións outorgadas, estes resolveranse atendendo, sucesivamente e por esta orde, á maior puntuación nas epígrafes 7, 8, 1, 2 e 6 dese baremo.

Artigo 9º.-*Proposta de nomeamento.*

1. A relación provisional cos concursantes preseleccionados farase pública nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Establecerase un prazo de dez días naturais, contados a partir da data de publicación, para que as persoas interesadas poidan efectuar as posibles reclamacións ou renuncias ás prazas adjudicadas provisionalmente, que se dirixirán ao presidente da comisión de selección.

2. Unha vez resoltas as reclamacións e admitidas as posibles renuncias, a comisión remitiralle á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria a proposta de resolución desta convocatoria, xunto coa acta definitiva coa expresión das valoracións outorgadas a cada unha das persoas candidatas, así como a relación final coas persoas seleccionadas.

Artigo 10º.-*Resolución da convocatoria.*

1. Unha vez realizado todo o proceso anterior, a comisión de selección proporalle á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria a adjudicación das prazas, que serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e pola que se entenderán notificadas, para todos os efectos, as/os concursantes a que lles afecte. As solicitudes consideraranse desestimadas de non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de seis meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

Contra esa resolución, que esgotará a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

2. As prazas adxudicadas serán con carácter definitivo, polo que as persoas seleccionadas se deberán incorporar con data do 1 de setembro de 2008, cesando no seu destino de procedencia o 31 de agosto dese ano.

Artigo 11º.-*Cobertura provisional de prazas.*

As persoas que obtivesen a puntuación mínima no proxecto de traballo e non resulten seleccionadas poderán ser chamadas, por orde de puntuación, para cubrir provisionalmente prazas que queden definitiva ou temporalmente vacantes nos equipos de orientación específicos. Neste caso, desempeñarán a praza en réxime de comisión de servizos, ata a súa provisión definitiva ou ata a reincorporación do seu titular.

Artigo 12º.-*Devolución da documentación presentada.*

As persoas interesadas, ou os seus representantes legais, poderán retirar a documentación achegada para acreditar os méritos alegados, unha vez transcorridos tres meses desde a publicación da resolución definitiva desta convocatoria, debendo presentarlle a correspondente solicitude ao presidente da comisión de selección.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a secretaría xeral para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Prazas nos equipos de orientación específicos

Preferencia	Especialidade	Equipo específico	Nº de prazas
	Trastornos de conduta	EOE A Coruña	1
	Trastornos de conduta	EOE Lugo	1
	Trastornos de conduta	EOE Pontevedra	1
	Orientación vocacional e profesional	EOE A Coruña	1
	Orientación vocacional e profesional	EOE Lugo	1
	Audición e linguaxe	EOE A Coruña	1

Resultas

Especialidade	Equipo específico	Nº de prazas
Todas as especialidades	A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra	Resultas que se produzan

ANEXO II

Solicitude de participación no concurso de méritos para cubrir prazas nos equipos de orientación específicos	
DATOS DO/DA SOLICITANTE	
APELLIDOS:	NOME:
ENDEREZO PARTICULAR:	LOCALIDADE:
CONCELLO:	PROVINCIA:
	CP:
	TLF. (para recibir SMS)
DATOS PROFESIONAIS	
Nº REGISTRO PERSONAL:	CORREO ELECTRÓNICO: @edu.xunta.es
PERTENCENTE AO CORPO DE:	DATA DE INGRESO NO CORPO:
CÓDIGO DO CENTRO DE TRABALLO (8 díxitos):	TLF.:
ORDE DE PREFERENCIA	EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO
SOLICITA TOMAR PARTE NO CONCURSO DE MÉRITOS CONVOCADO POLA ORDE DO 11 DE MARZO DE 2008 E DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS TODOS OS DATOS QUE SE INDICAN. DATA E SINATURA DO SOLICITANTE:	
	de 2008

SECRETARIO XERAL
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO III

Baremo

Conceptos	Puntuación por actividade, ano, etc.	Total máximo	Documentos xustificativos
1. Méritos formativos relacionados cos equipos de orientación específicos: (Só se valorarán as actividades directamente relacionadas coas especialidades dos equipos de orientación específicos, establecidas no artigo 5 do Decreto 120/1998. No caso das actividades de formación do profesorado, deberán ser organizadas ou homologadas polas administracións educativas ou as universidades. Así mesmo, unha actividade determinada non poderá aparecer en máis dunha epígrafe deste baremo).			Fotocopias cotexadas das certificacións acreditativas
1.1. Asistencia a actividades de formación do profesorado.	Ata 25 h: 0,05 De 26 a 50 h: 0,10 De 51 a 100 h: 0,15 Máis de 100 h: 0,20	2	
1.2. Participación como relator/a en actividades de formación do profesorado. (Non se valorarán as realizadas durante períodos de desempeño de funcións nas estruturas de formación do profesorado).	Ata 5 h: 0,05 De 6 a 10 h: 0,10 Máis de 10 h: 0,15	1	
1.3. Dirección o coordinación de actividades de formación do profesorado. (Non se valorarán as actividades realizadas durante períodos de desempeño de funcións nas estruturas de formación do profesorado).	Ata 25 h: 0,05 De 26 a 50 h: 0,10 De 51 a 100 h: 0,15 Máis de 100 h: 0,20	1	
1.4. Participación en programas ou actividades de investigación e innovación educativa que sexan convocados ou recoñecidos pola Administración.	Ata 0,25	2	
2. Outros méritos formativos: (Actividades de formación do profesorado que deberán ser organizadas ou homologadas polas administracións educativas ou as universidades).			Fotocopias cotexadas das certificacións acreditativas
2.1. Actividades relacionadas coa orientación educativa ou coa atención á diversidade.	-Asistencia, dirección ou coordinación: Ata 25 h: 0,05 De 26 a 50 h: 0,10 De 51 a 100 h: 0,15 Máis de 100 h: 0,20 -Participación como relator/a: Ata 5 h: 0,05 De 6 a 10 h: 0,10 Máis de 10 h: 0,15	2	
2.2. Actividades relacionadas coas estratexias de intervención, organización e dinámica de grupos, coas tecnoloxías da información e da comunicación, ou con aspectos curriculares, metodolóxicos e de avaliación.		1	
3. Publicacións:			Fotocopias cotexadas ou exemplares, con ISBN ou ISSN
3.1. Publicacións de carácter científico ou pedagógico-didáctico relacionadas coa especialidade a que se opta.	Libro: ata 1 Artigo: ata 0,25 Vídeo, CD, DVD, ou similar: ata 0,25	2	
3.2. Publicacións de carácter científico ou pedagógico-didáctico relacionadas con outras especialidades dos equipos de orientación específica ou coa orientación.		1	
4. Titulacións académicas:		3	Fotocopias cotexadas do título ou certificado de estudos
4.1. Título de doutor.	1	2	
4.2. Titulación universitaria de grao superior en bioloxía, farmacia, medicina e cirurxía, pedagogía, psicoloxía ou ciencias da educación, ou de grao medio en educación social, enfermaría, fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional ou traballo social; distinta á alegada para o ingreso no corpo desde o que se participa.	0,75		
4.3. Titulación universitaria de grao superior distinta á alegada para o ingreso no corpo desde o que se participa e non recollida no punto 4.2.	0,50		
4.4. Titulación universitaria de grao medio ou diplomatura distinta á alegada para o acceso ao corpo desde o que se participa e non recollida no punto 4.2.	0,25		
4.5. Polo certificado-diploma de estudos avanzados (Real decreto 778/1998, do 30 de abril), o título oficial de máster, suficiencia investigadora ou calquera outro título equivalente.	0,10		
5. Cursos de lingua galega. -Celga 3 ou iniciación. -Celga 4 ou perfeccionamento.	0,5 1	1	Fotocopias cotexadas das certificacións acreditativas
6. Antigüidade:			Folla de alegación e autobaremación e fotocopias cotexadas dos correspondentes nomeamentos e cesamentos
6.1. Cada ano de servizo como funcionaria/o de carreira (non se computarán os exixidos como requisito).	0,2	2	
6.2. Cada ano de servizo nunha praza directamente relacionada coa orientación.	0,2	1	
6.3. Por cada ano de servizo no EOE.	0,5	2	
7. Proxecto de traballo, en relación á praza solicitada e, se é o caso, entrevista (puntuación mínima exixida: 5 puntos)	Ata 10	10	Proxecto segundo as especificacións establecidas no artigo 5º.2

ANEXO IV

Folla de autobaremaión

Conceptos	Denominación	Nº de horas	Total puntos
Méritos formativos relacionados cos equipos de orientación específicos:			
1.1. Asistencia a actividades de formación do profesorado (máx. 2 puntos).			
1.2. Participación como relator/a en actividades de formación do profesorado (máx. 1 punto).			
1.3. Dirección ou coordinación de actividades de formación do profesorado (máx. 1 punto).			
1.4. Participación en programas ou actividades de investigación e innovación educativa que sexan convocados ou recoñecidos pola Administración (máx. 2 puntos).			
Outros méritos formativos:			
2.1. Actividades relacionadas coa orientación educativa ou coa atención á diversidade (máx. 2 puntos).			
2.2. Actividades relacionadas coas estratexias de intervención, organización e dinámica de grupos, coas tecnoloxías da información e da comunicación, ou con aspectos curriculares, metodolóxicos e de avaliación. (máx. 1 punto)			
3.Publicacións:			
3.1. Publicacións de carácter científico ou pedagógico-didáctico relacionadas coa especialidade que se opta (máx. 2 puntos).			
3.2. Publicacións de carácter científico ou pedagógico-didáctico relacionadas con outras especialidades dos equipos de orientación específica ou a orientación (máx. 1 punto).			
Titulacións académicas (máx. 3 puntos):			
4.1. Título de doutor.			
4.2. Titulación universitaria de grao superior en bioloxía, farmacia, medicina e cirurxía, pedagogía, psicoloxía ou ciencias da educación, ou de grao medio en educación social, enfermaría, fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional ou traballo social; distinta á alegada para o ingreso no corpo desde o que se participa.			
4.3. Titulación universitaria de grao superior distinta á alegada para o ingreso no corpo desde o que se participa e non recollida no punto 4.2.			
4.4. Titulación universitaria de grao medio ou diplomatura distinta á alegada para o acceso ao corpo desde o que se participa e non recollida no punto 4.2.			
4.5. Outros estudos de posgrao (programa de doutoramento, títulos propios das universidades, másters, etc.)			
5. Cursos de lingua galega (máx. 1 punto).			
Antigüidade:			
6.1. Anos de servizo como funcionario de carreira (máx. 2 puntos).			
6.2. Anos de servizo nunha praza directamente relacionada coa especialidade a que se opta (máx. 1 punto).			
6.3. Anos de servizo no EOE (máximo 2 puntos)	Anos de servizo		

Resolución do 13 de marzo de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se resolve definitivamente o concurso de traslados específico, entre funcionarias/os do corpo de mestras/mestres, para cubriren prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.

Pola Orde do 16 de novembro de 2007 (DOG do 27 de novembro) convocouse concurso de traslados específico, para cubriren prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.

En aplicación do disposto na base décimo segunda da referida orde, esta secretaría xeral,

RESOLVE:

Primeiro.-Facer pública, no anexo a esta resolución, a adxudicación definitiva dos destinos obtidos por funcionarias/os do corpo de mestres/as no concurso de traslados específico convocado pola Orde

do 16 de novembro de 2007 (DOG do 27 de novembro).

Segundo.-A toma de posesión dos destinos obtidos neste concurso terá efectos o 1 de setembro de 2008 e cesarán no seu destino de procedencia o 31 de agosto dese ano.

Terceiro.-Contra esta resolución as/os interesadas/os poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Relación definitiva de mestres/as que obtiveron praza na convocatoria do concurso de traslados específico de educación e promoción de adultos

DNI	1º apelido	2º apelido	Nome	Puntuación	Código	Centro
32414364-G	Creo	Sánchez	Mª Carmen	D. PREF	1502562138	EPAPU Eduardo Pondal -A Coruña-
32426060-Q	de Miguel	Lozano	Mª Carmen	D. PREF	1502562138	EPAPU Eduardo Pondal -A Coruña-
35232515-B	Campos	Piñón	Benito	127,4497	3601888438	EPAPU Artes e Oficios -Vigo-
35991857-P	Faza	Diéguez	Isaura	116,2497	3601888438	EPAPU Artes e Oficios -Vigo-
34604490-R	Nieto	Henríquez	Ángel	106,6666	3601888438	EPAPU Artes e Oficios -Vigo-
33819516-V	Valín	Rodríguez	José Ovidio	101,1666	2702081138	EPAPU de Bonxe- Outeiro de Rei